



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

[elgilg@usc.es](mailto:elgilg@usc.es)

Universidade de Santiago de Compostela  
España

Martínez Lema, Paulo

Sobre a repercusión do zoónimo mazarico na onomástica medieval e moderna

Estudos de Lingüística Galega, vol. 9, 2017, pp. 65-86

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305652021004>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

# Sobre a repercusión do zoónimo *mazarico* na onomástica medieval e moderna

Paulo Martínez Lema

*Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela*  
[paulo.lema@gmail.com](mailto:paulo.lema@gmail.com)

Recibido o 24/10/2016  
Aceptado o 10/02/2017

## The bird name *mazarico* in medieval and modern onomastics

### Resumo

Neste breve contributo queremos debrazarnos sobre o substantivo *mazarico* e, nomeadamente, sobre a súa presenza na onomástica galega (quer persoal quer xeográfica). É para iso que, tras unha incursión pola sorte deste lexema e as súas variantes formais nos dominios iberorrománicos centrais e occidentais (a través da súa presenza en diferentes obras lexicográficas), mergullaremos na documentación medieval para rescatar unha serie de rexistros que, para alén de permitiren a reconstrución da forma antiga do zoónimo, patentean a súa implementación no ámbito da onomástica persoal e, a través dela, tamén no da onomástica xeográfica. Concluiremos a nosa achega cunha breve revisión da repercusión toponímica do substantivo analizado, ben como doutras denominacións recibidas pola ave que designa (nomeadamente a forma *zarapico* e variantes).

### Palabras chave

Onomástica, antroponimia, toponimia, lingüística histórica

### Sumario

1. A forma *mazarico* e as súas variantes na lexicografía. 2. Os *Maracicos* da terra da Barbanza: tras o rastro dun clan familiar medieval. 3. *Maracico/mazarico* e a súa repercusión na toponimia galega. 4. Algunhas conclusións. 5. Apéndices documentais.

### Abstract

In this contribution, we will examine the noun *mazarico* 'curlew' and its presence in Galician personal and geographical onomastics. After noting the presence of this noun and its formal variants in Galician-Portuguese, Castilian and Astur-Leonese, we will look to medieval sources for data pertinent to a reconstruction of the term's earliest form and trace its use first as an anthroponym and subsequently as a place name. The paper concludes with a brief review of the presence in toponymy of *mazarico* and other names for the curlew (particularly *zarapico* and its variants).

### Keywords

Onomastics, anthroponymy, toponymy, historical linguistics

### Contents

1. The form *mazarico* and its variants in lexicographic sources. 2. The *Maracicos* of Barbanza: following the trail of a medieval clan. 3. *Maracico/mazarico* and its presence in Galician toponymy. 4. Some conclusions. 5. Documentary appendices.

## 1. A FORMA MAZARICO E AS SÚAS VARIANTES NA LEXICOGRAFÍA

1.1. O termo xenérico *mazarico* é a denominación dada na actualidade, principalmente, a diversas especies de aves limícolas pertencentes á familia *Scolopacidae*, sendo as máis coñecidas no noso entorno xeográfico próximo o mazarico real (*Numenius arquata*) e o mazarico galego (*Numenius phaeopus*), por acaso máis pequeno ca o anterior. Todas elas se caracterizan, en xeral, polas súas patas altas e finas e por un peteiro longo, curvado e de forma cilíndrica do cal se serven para procurar alimento no lodo ou nos rochedos daquelas zonas húmidas en que costuman ter o seu hábitat.

1.2. A forma *maçarico*<sup>1</sup> está presente desde os primordios da dicionarística portuguesa, recollendo os dicionarios modernos e contemporáneos outras acepcións, quer do ámbito da zooloxía quer doutros dominios lexicais. Por exemplo, António de Moraes (GDLP, s.v. *maçarico*) acrecentou o significado “O macho da lebre que tem uma malha branca na testa”, a relacionar sen dúbida co de *maçarica* “Lebre pequena que se esquia facilmente aos cães”. Mais a forma *maçarico* veu a gañar tamén algunha presenza no campo do léxico industrial e tecnolóxico, probablemente en virtude dunha extensión semántica do zoónimo propiciada pola peculiar e recoñecíbel fisionomía da ave por el nomeada e, máis en concreto, polo seu característico bico. Daí, tamén en GDLP, os significados de “Tubo de metal, com que se sopra sobre uma chama, cuja temperatura se eleva extraordinariamente [sic] por esse meio” ou “Parte do assentamento nos engenhos de banguê, que conduz as chamas á chaminé”, ambas as acepcións retiradas do dicionario antedito e para as cales teremos que remitir aínda o derivado *maçariqueiro* (“Homem que trabalha com o maçarico”). Tamén á mesma esfera semántica pertencen usos específicos como “Objecto com que se chamosca actualmente o porco, para depois ser esfregado” (Delgado 1970, s.v. *maçarico*) ou “Rudimentar candeeiro de petróleo, usado pelos pescadores” (Monteiro 1950, s.v. *maçarico*, e apuntando aínda a “semelhança de formas” como causa última desa transposición semántica).

Xa para o espazo lingüístico do castelán, Martín Alonso (1958, s.v. *moracico*) definiu o substantivo *moracico* como “Ave marina que vive en las playas y se alimenta de ostras”, embora a denominación máis común para a ave naquel dominio sexa *zarapito*, vocábulo por acaso existente tamén na nosa lingua (a par de variantes como *zarrapito* ou *zarapico*, entre outras), e sobre o cal teremos que voltar máis adiante (véxase §3.3). Esta visión panorámica da vitalidade do lexema en análise ficaría incompleta se non levásemos en consideración o ásturo-leonés *mazaricu*, de evidente afinidade formal coa variante galego-portuguesa, mais que, consoante á información contida nos dicionarios asturianos, pode designar outras aves limícolas diferentes das do xénero *Numenius*<sup>2</sup>, ben como unha pequena almofada na cal espetar os alfinetes, de maneira a non os perder (DGLA, s.v. *mazaricu*).

Para a lexicografía galega<sup>3</sup>, o primeiro autor a rexistrar o vocábulo foi o padre Sarmiento, quen anotou unha variante *mazarrico* talvez interpretábel como consecuencia dunha reduplicación expresiva da vibrante, ou entón (hipótese que achamos máis convincente) como unha simple gralla do frade pontevedrés na transcripción da palabra. Desde entón, o apelativo *mazarico* ten pasado á maioría dos repertorios lexicográficos que tivemos ocasión de confrontar, embora nalgúns autores poida ser detectada algunha confusión á hora de precisaren o referente exacto deste termo. Desta maneira, Aníbal Otero define *mazarico* como “Pájaro carpintero”, acepción tamén consignada, entre outros, por Elixio Rivas no concello coruñés de Curtis e por Antón San-

<sup>1</sup> Carrancho (1969, s.v. *maçarique*) atesta tamén a variante fonética *maçarique* (ben como *maçarique-rial*) na localidade algarvía de Lagos, cunha definición moi imprecisa (“Pássaro pequeno branco e preto”). É con ela que podemos relacionar o derivado *maçariquêra* (sic), definido pola mesma autora como “Lapa miúda” (e, así sendo, forma sinónimica doutras como *majoleira* / *majolêra*), cuxa orixe talvez teña ficado a deberse ao feito de ser un alimento especialmente consumido ou procurado pola ave.

<sup>2</sup> Referímonos, máis en concreto, a algunhas aves do xénero *Charadrius*, como a *Charadrius alexandrinus* ou a *Charadrius dubius*, coñecidas respectivamente en galego como *pillara papuda* (port. *borrelho-de-coleira-interrompida*) e *pillara pequena* (port. *borrelho-pequeno-de-coleira*).

<sup>3</sup> Excepto cando indicada explicitamente unha fonte diferente, as definicións ofrecidas nesta alínea foron retiradas do *Dicionario de Dicionarios da Língua Galega* (véxase a bibliografía).

tamarina (1967: 132) na comarca da Fonsagrada. Este mesmo autor, xunto con Carme Ríos Panisse, atesta a forma con “seseo” prenuclear, é dicir, *masarico/masarica*, ben como unha interesante variante *marzarico* para cuxa explicación lanzan man dunha posíbel interferencia co substantivo *marzo*, “ya que desde marzo resuena su magnífico trino, lanzado en el vuelo por el macho al que contesta desde tierra la hembra”. De feito, foi García de Diego (1985, s.v. *marcico*) quen propuxo o latín *MARTIUS* como orixe quer do castelán *marcico* ‘merlo’ quer do galego-portugués *mazarico*, ofrecendo erradamente para este último o mesmo significado que para a mencionada forma castelá.

1.3. Malia constituír un aspecto de interese secundario para este traballo, importa notar que a orixe etimolóxica do vocábulo aínda non ten sido esclarecida de maneira plenamente satisfactoria. Joan Coromines (DCECH, s.v. *zarapito*), após rexeitar a presenza do sufixo diminutivo *-ito* / *-ico* nas formas castelás e ásturo-leonesas *zarapico* e *zarapito*, coloca a cuestión de seren estas, xunto co galego-portugués *mazarico*, formas compostas en cuxa formación estaría envolvido o substantivo *pico* / *bico* (< céltico \**BECCU*), a espellar aquela que, como indicado nun parágrafo anterior, constitúe talvez a característica fisionómica máis singularizadora da ave. O distinto filólogo catalán recollía así, mesmo que fose de maneira parcial, a vella hipótese de Cortesão (1900, s.v. *maçarico*), quen tiña proposto como base etimolóxica un composto *môrbik* (sic) constituído polos lexemas *môr* ‘mar’ e *pik* ‘bico’, mais cuxa evolución fonética até as variantes medievais que en breve comentaremos resultaría, no mínimo, complexa. Menos asumíbel aínda, en termos estritamente formais, xulgamos a explicación desenvolvida por Joan Coromines (DCECH, s.v. *zarapito*), segundo a cal a forma orixinaria terá sido, na verdade, \**zarrabico* (coherente co substantivo galego-portugués *bico*), a partir do cal chegaríamos por metátese a un estadio intermedio \**bazarrico* e, finalmente, a través da utilización do substantivo en secuencias do tipo \**un bazarrico*, á redución do grupo fonotáctico [mb] > [m] (\**um bazarrico* > \**u(m)mazarrico* > *mazarico*). Para alén da ausencia duns mínimos apoios documentais para este estraño percurso evolutivo e, aínda, da propia excepcionalidade e a escasa fiabilidade da variante *mazarico* (que constitúe un auténtico *hapax* na nosa lexicografía), o obstáculo verdadeiramente incontornábel para aceptarmos esta hipótese decorre dun dato obvio para calquera investigador habituado a lidar coa fonética histórica galego-portuguesa: estamos a nos referir á sistemática tendencia do romance galego-portugués (ben como da maior parte de variedades do ásturo-leonés) para a conservación do grupo consonántico [mb] (*PALUMBA* > *pomba*, *SANCTA COLUMBA* > *Santa Comba* / *Santa Colomba* etc.), resalvando casos moi puntuais e ben coñecidos como *TAM BENE* > *pop. tamén* (Ferreiro 1999: 167).

1.4. Sexa como for, debemos munirnos de certas precaucións perante a presenza, polo menos nos dicionarios galegos, de formas homonímicas do termo que nos ocupa, todas elas derivadas do verbo *mazar*, como por exemplo *mazarico* / *mazarica*, que Elixio Rivas recolle como sinónimo de *mazador*, é dicir, “Ruedecilla enastada para *mazar* (batir) la leche y hacer *manteiga*”. Pola súa banda, Constantino García rexistrou *mazarico* como sendo semanticamente equivalente de *mazarelo* / *mazarela*, ambas con algunha repercusión toponímica en territorio quer galego quer portugués<sup>4</sup> e homologábeis, en termos de contido semántico, ao substantivo *mazador*.

Este fenómeno de homonimia non está exento de interese, pois influíu de maneira decisiva no establecemento dalgunhas das etimoloxías colocadas para o ornitónimo *mazarico*, como por exemplo a proposta de Ríos Panisse e Antón Santamarina ao explicaren esa forma como derivado do verbo *mazar*, “por el picoteo constante” que alegadamente caracterizaría a ave. Porén, hipóteses como esta non casan cos rexistros máis temperáns do vocábulo. Se conferirmos as fontes medievais, comprobaremos que o zoónimo en foco está presente nun paso da *Historia*

<sup>4</sup> Segundo os datos do proxecto *Toponimia de Galicia*, existen en Galicia dúas entidades de poboación chamadas *Mazarelos* (nos concellos de Silleda e O Saviñao), ás cales podemos acrescentar a coñecida *Praza de Mazarelos* na cidade de Santiago de Compostela, ben como a porta medieval homónima que nela se encontra. Rexístrase tamén a variante feminina *Mazarelas* como nome de un lugar no concello de Oza dos Ríos. Xa en Portugal, coñecemos no mínimo un lugar denominado *Maçarelos*, no conc. Porto.

*Compostellana* (1133) en que son mencionadas varias aves destinadas ao consumo humano, entre as cales *gallinam*, **maraticum**, *perdicem pro singulis nummis*. Embora se trate dun rexistro excepcional e illado no contexto da produción documental latina en Galicia, podemos xuntarlle outros testemuños que, para alén de indiciaren unha implementación onomástica (e principalmente antroponímica) do lexema, poden aínda axudar a descartar de vez calquera interpretación etimolóxica primaria baseada no verbo *mazar*.

## 2. Os **MARACICOS** DA TERRA DA **BARBANZA**: TRAS O RASTRO DUN CLAN FAMILIAR MEDIEVAL

2.1. Con efecto, na documentación reunida no tomo do mosteiro de San Xusto de Toxos Outos<sup>5</sup> deparámonos con varias referencias explícitas a un pequeno grupo de personaxes (por acaso todos eles masculinos) definidos pola utilización do sobrenome *Maracico* (sic), o cal pode ocorrer nos textos con mínimas variacións formais. Para alén de todos eles partillaren un elemento onomástico tan singularizador como o sobrenome (e un sobrenome tan específico, ademais, que non se repite, ao que parece, en ningunha outra fonte medieval galega daquelas que puidermos confrontar), a documentación fornece aínda outras evidencias claras de estas persoas teren estado unidas por unha ligazón familiar directa.

2.2. Un deses individuos é Fernando Diéguez “Maracico” (*Fernandus Didaci dictus Maracicus*), quen aparece até en tres documentos diferentes. No máis antigo deles, con data de 1219, identificámolo como confirmante da doazón que Xoán Froiaz “Mariño” (*Johannes Froyle, cognomento Marinus*) realiza de todo aquilo que detiña na igrexa de San Xián da Pereiriña (conc. Cee) ao mosteiro de Toxos Outos. Maior interese, no entanto, ofrece o seu testamento (ver Apéndice 2), outorgado en marzo de 1223 e que constitúe a principal fonte para coñecermos, en primeira man, a localización dunha boa porción do patrimonio fundiario que o personaxe (e por acaso o clan familiar ao cal pertencía) posuía no momento do seu pasamento. De resto, ao se teren conservado identificábeis todos os elementos toponímicos mencionados no testamento, podemos establecer de maneira moi exacta a área xeográfica en que tales propiedades viñeron a se concentrar, correspondéndose esta coa comarca da Barbanza (nomeadamente coas súas áreas máis occidentais) e, en menor medida, con outros territorios máis ou menos próximos dela. Así sendo, localízanse nese marco territorial as terras e herdades recollidas no cadro a seguir:

Forma(s) documentada(s)	Forma hodierna	Localización (freguesía e concello)
Oluaria	Olveira	Santa María de Olveira (Ribeira)
Uilla Uiride	Vilaverde	
Reirit	Reirís	
Birtar	Bretal	
Pedrouzos, Pedrouços <sup>1</sup>	O Pedrouzo	
Spineýrido	Espiñeirido	Santa María de Corrubedo (Ribeira)
Cadarnogia <sup>2</sup>	O Cadarnoxo	Santo Estevo de Queiruga (Porto do Son)
Corzo	Corzo	Santa María de Caamaño (Porto do Son)


1. Corriximos a lectura *Pedrouços* dada por Pérez Rodríguez (2004: 665) na súa edición do tomo

2. En traballos anteriores (Martínez Lema 2008, s.v. *Cadarnoxo*) identificamos este topónimo co actual lugar de Cadarnoxo (freg. Santo André de Cures, conc. Boiro). Mesmo tratándose dunha hipótese xeográfica e lingüísticamente plausíbel, a maior proximidade do lugar do Cadarnoxo (conc. Porto do Son) a respecto das restantes propiedades de Fernando Diéguez “Maracico” fai con que nos decantemos, mesmo que sexa provisoriamente, por esta segunda opción.

**Táboa 1.** Lugares da comarca da Barbanza mencionados no testamento de Fernando Diéguez

<sup>5</sup> A documentación contida neste códice ten sido obxecto de varias edicións, quer totais quer parciais. Desde que non fagamos constar explicitamente o contrario, os excertos reproducidos no decurso das nosas explicacións son o resultado da nosa lectura persoal dos documentos, accesíbeis a través do portal PARES (<http://pares.mcu.es>).

Xa cun grao de concreción moito menor, no diploma sinálase tamén a existencia dalgunhas propiedades noutras comarcas próximas, entre as cales *Ualeyro* (identificábel coa antiga terra e arciprestado do Valeirón, no actual concello de Rois e practicamente encostado á península da Barbanza, coa cal confrontaba a oeste) e aínda *Sonaria* (a actual comarca de Soneira), sendo nesta última que se localiza unha herdade *in filigresia Sancti Michaelis de Tréés* (= freg. San Miguel de Treos, conc. Vimianzo) e *in Tinis* (= Tines, freg. Santa Baia de Tines, conc. Vimianzo)<sup>6</sup>.



**Mapa 1.** Localización das propiedades de Fernando Diéguez “Maracico” mencionadas na documentación

Cómpre salientarmos a relevancia destas referencias na tentativa de determinar a orixe deste grupo familiar, pois, como indicado por Carlos Baliñas (1998: 88-89), e salvando as distancias que puideren existir co caso en análise:

No son excepcionais casos de acomodados magnates a los que la documentación atribuye propiedades en decenas e incluso centenares de aldeas a lo largo y ancho del territorio gallego. Normalmente, el grueso de las propiedades se concentra alrededor de lo que cabe suponer es el hogar ancestral o la residencia principal del presunto noble. Cabe distinguir luego un segundo círculo, que comprende posesiones en áreas periféricas, fruto de la herencia, la compra o la presura.

A terceira e última mención ao noso personaxe é aquela que retiramos dun documento infelizmente carente de data, mais que non será en calquera caso anterior a 1223, pois nel son recenseadas diversas propiedades que o mosteiro de Toxos Outos detiña *in terra de Ualleyrom*, entre elas unha herdade *que fuit de Fernando Maraciquo que fuit de uoce Maria Delgada* e que se encontraba na aldea de Souto (freg. Santa María de Leroño, conc. Rois). Este dato, para alén de evidenciar que o diploma tiña sido labrado nunha altura en que Fernando Diéguez posibelmente xa falecera, parece vir a confirmar que a herdade de *Ualeyro*, referida de maneira moi xenérica na súa manda testamentaria, era esta situada no termo de Santa María de Leroño.

2.3. Son as evidentes coincidencias onomásticas (quer no patronímico quer no sobrenome de-lexical) e até cronolóxicas que nos autorizan a considerar como irmán do anterior o Munio Dié-

<sup>6</sup> A lectura deste fragmento proposta por Pérez Rodríguez (2004: 665) é levemente diferente, mais acarreta unha mudanza importante no seu significado toponímico: *Relinquo supradicto monasterio [o mosteiro de Toxos Outos] suam hereditatem de Sonaria liberam et quietam et sine calumpnia cum alia mea hereditate quam ibi ganaui et iacet ista hereditas in filigresia Sancti Michaelis de Treos et Intinis, et debet Petrus Candeel et Cresconius Muniz et uxores eorum tenere istam [...]*. Así sendo, identifica esa alegada forma *Intinis* coa denominación da antiga comarca de Entíns (que efectivamente ocorre na documentación medieval baixo variantes como *Gentinis*, *Entinis* ou *Intinis*, entre outras), cuxo territorio se estendía polos actuais termos concellos de Noia, Serra de Outos ou Muros, quer dicir, pola marxe dereita da ría de Muros-Noia. Porén, non fai moito sentido (até en termos de estrutura sintáctica) que, nun exerto en que o testador está especificamente a tratar das súas propiedades na Terra de Soneira, veña a aparecer embutida no texto esta referencia isolada e totalmente infundada a unha entidade territorial á cal o contido do fragmento en análise nin sequera di respecto. No entanto, achamos a nosa lectura *et in Tinis* (véxase Apéndice 2) moito máis coherente, pois a freguesía e lugar de Tines non só se localiza nese contexto geográfico referido no documento, senón que ademais fica encostada á de San Miguel de Treos, confrontando con ela a sur.

guez “Maracico” (*Munio Didaci dictus Maraciquo*) que intervén como confirmante nun documento con data de 1219 en que o seu cuñado Raimundo Pérez (*Ramundus Petri*) vende ao mosteiro de Toxos Outos algunhas herdades no lugarexo de Viro (freg. Santa María de Roo, conc. Noia). Embora sen o sobrenome familiar característico, trátase de certeza do mesmo *Munio Didaci* que, xunto coa súa dona Mor Pérez (*Maior Petri*) e o seu fillo Fernando Muniz (*Fernando Munionis*), doa en 1226 *quarta de una octaua ipsius ecclesie Sancte Marie de Ulueyra*. Deparámonos de novo con el, xa baixo as variantes *Nunone Didaci* e *Nunus Didaci* (e a especificación *miles* ‘cabaleiro’, que por acaso nos informa do status sócio-económico da súa familia)<sup>7</sup>, a acompañar a Mor Pérez na doazón que ambos realizan, con data de 1210, de todo aquilo que detiñan *in villa Uesares et in Quintanas que habet iacenciam in territorio Pestomarcis concurrente ad ecclesiam Sancti Martini de Elsendi*, ou sexa, nos lugares hoxe denominados *Béxeres* e *Quintáns*, ambos pertencentes, con efecto, á freguesía de San Martiño de Lesende (conc. Lousame), nas marxes orientais da terra da Barbanza. Unha outra ocorrencia deste personaxe na documentación explorada esclarece máis algunha cousa no tocante ás súas ligazóns familiares: referímonos ao pacto que asinan co mosteiro de Toxos Outos, en 1207, os fillos de Pedro Airas, entre os cales o mencionado Raimundo Pérez, Airas Pérez, Pedro Pérez e, finalmente, Mor Pérez, quen comparece no acto de xénese documental *cum uiro meo Munione Didaci*<sup>8</sup>.

2.4. Sen saírmos do cadro documental e cronolóxico que nos fornece o Tombo de Toxos Outos, constatamos aínda a existencia dunha terceira persoa a facer parte deste núcleo familiar que (embora de maneira moi parcial e limitada) estamos a tentar reconstruír. Trátase de Diego Maracico (*Didaco Maraçiquo*), quen, nun diploma en que son establecidas as divisións da freguesía de Santa María de Olveira (ver Apéndice 1), aparece identificado como sendo propietario dunha porción da mesma (*De Didaco Maraçiquo mediam viij<sup>a</sup>*). Terá sido precisamente a metade desa porción a que viría a herdar o fillo, Munio Diéguez, quen, como indicabamos nunha alínea anterior, acabou por doala ao convento de San Xustos de Toxos Outos.

Así sendo, tanto o sobrenome canto o antropolónimo de que é portador (ben como o mínimo, mais decisivo, rastro biográfico deixado na documentación) apuntan de maneira moi verosímil, e até inequívoca, para o feito de Diego Maracico ser, na verdade, o pai dos irmáns Fernando e Munio Diéguez. Malia esa *Diuisio ecclesie de Olueira* carecer de data certa, podemos inferir o treito cronolóxico aproximado en que o documento foi labrado grazas á mención de personaxes que reaparecen noutras pezas do tomo:

1. Por exemplo, Lucio Afonso (*Luzo Afonso*), a quen nesa partizón é atribuída a metade dunha oitava parte das terras pertencentes á freguesía, outorga o seu testamento en 1162, doando nel *aliam meam hereditatem [...] in territorio Pistomarchis in uilla nomine Sparrello in ualle Calamanio*, é dicir, canto detiña na aldea de Esparrelle, hoxe pertencente á freguesía de Santa María de Caamaño (conc. Porto do Son). No entanto, reaparece en novembro de 1166 a asinar un novo testamento, previo á súa partida para Xerusalén, sendo nel que outorga ao mosteiro de Toxos Outos non só *octauam totius ecclesie Sancte Marie de Uluaría*, mais tamén as súas herdades en Espiñeirido (*Spinarido*) e en Esparrelle (*Sparrelli*). Aínda, en documento redixido en febreiro de 1168, Orraca Luz, por acaso filla do anterior, asina unha escamba a través da cal ofrece ao dito cenobio a metade da oitava parte que a ela correspondía na freguesía de Santa María de Olveira (de certeza herdada do seu proxenitor) en troca da antedita herdade de Esparrelle que os frades xa

<sup>7</sup> Como oportunamente nota Francesco Renzi (2015: 235), “in the sources of Toxos Outos men with military specialization are defined as *militēs*, *armigeri* or *scutiferi*. The word *miles* (knight) indicated a precise condition and a different and more relevant social and military role than of these called *armigeri* (“arm-bearers” or armigerous) or *scutiferi* (squires)”. Embora o feito de Munio Diéguez ser chamado de *miles* non implique necesariamente que todos os membros da súa familia partillasen esa condición social (os termos *miles*, *armigerus* e *scutiferus*, coas súas correspondentes acepcións, podían até coexistir no seo do mesmo grupo familiar), si apunta para a pertenza do clan dos Maracicos a un estrato social asimilábel a algún tipo de aristocracia local.


<sup>8</sup> En 1236, Mor Pérez, quen se declara *filia domni Petri Arie de Uijru*, doa xunto co seu fillo Fernando Muñiz todo aquilo que do pai tiña herdado no lugarexo de Viro (freg. San Xoán de Roo, conc. Outes). A ausencia de calquera referencia ao seu esposo dá para pensar que, na altura, Munio Diéguez xa tería falecido.



usufruían na altura e que *fuit de domno Luzo Adefonsi*. Por tanto, esta pequena peza documental dá para asistirmos en primeira man á tentativa de Orraca Luz de reintegrar ao patrimonio familiar unha propiedade que previamente tiña sido entregada polo pai ao convento de Toxos Outos.

2. Outra figura mencionada na *Diuisio ecclesie de Olueira* e cuxo rastro documental pode contribuír para fixarmos a cronoloxía do documento en análise é Afonso Pinzán (*Affonso Pinzam*), cóengo da igrexa de Santiago de Compostela, que en documento redixido en setembro de 1168 vende ao mosteiro de Toxos Outos, xunto coas súas irmás Lupa e Orraca, a oitava parte que a eles pertencía en Santa María de Olveira.

Parece obvio, por tanto, que a división en que Diego Maracico é mencionado (pola primeira e única vez), e na cal Afonso Pinzán aparece aínda como posesor desa porción, terá que ser necesariamente anterior a 1168, mais tamén a 1166, ano en que Lucio Afonso outorga aquela que, polos vistos, debeu ser a súa manda testamentaria definitiva. Estamos a falar, en fin, dunhas datas próximas do ano 1160-1165. Se lembramos que o testamento de Fernando Diéguez "Maracico", *positus in graui infirmitate*, ten data de 1223, o arco temporal que se estende entre os puntos cronolóxicos de referencia é amplo abondo para sostermos a hipótese de Diego Maracico ter sido o proxenitor dos irmáns Fernando e Munio, vindo desta maneira a complementar a valiosa e decisiva información fornecida polos constituíntes onomásticos envolvidos nas respectivas secuencias antroponímicas.



**Imaxe 1.** Árbore xenealóxica (parcial) da liñaxe dos "Maracicos"

2.5. De entre esas unidades onomásticas, é o sobrenome que ofrece, en termos de estudo lingüístico, un especial interese: estamos perante un feixe de testemuños formalmente compactos e homoxéneos que, mesmo non sendo tan antigos como aquel *maraticum* retirado da *Historia Compostellana*, sitúan a variante *maracico* como a verdadeiramente etimolóxica ou, no mínimo, aquela cuxa maior estabilidade nas fontes documentais conferidas aconsella tomar como punto de partida para calquera exploración de tipo etimolóxico acerca da palabra. A pasaxe do medieval *maracico* para o moderno *mazarico* (port. *maçarico*) explicárase, verosimilmente, en función dun simple fenómeno de metátese, inducido (ou polo menos favorecido) pola afinidade formal e até conceptual do zoónimo coa familia léxica do verbo *mazar*. Reparemos aínda en que algunhas variantes vivas no ámbito lingüístico castelán, como *moracico* (ver §1.2), pareceron conservar a estrutura consonántica orixinal, e até é posíbel que a forma *marcico* máis non sexa do que unha variante do *maracico* galego medieval na cal se terá producido a síncope da vogal pretónica medial (por acaso facilitada pola proximidade do substantivo *marzo*).

2.6. Aínda, para o estudo daqueles sobrenomes com base lexical recoñecíbel interesa esclarecer (embora nin sempre sexa posíbel, polo menos co grao de concreción e de exactitude desexábeis) as motivacións da implementación antroponímica dos apelativos, ben como da súa eventual deslexicalización e, en consecuencia, transformación "en unidades antroponímicas de valor



denotativo que, a diferencia de otro tipo de sobrenombres de idéntica constitución gramatical (los que se han dado en llamar *sobrenombres sociales* y los gentilicios), hacen referencia originariamente a cualidades de muy distinto género inherentes a la persona que designan" (Viejo Fernández 1998: 170).

No tocante aos nomes e sobrenomes de base animal, sabemos que na zooantroponimia latina (como en moi boa medida nas súas diferentes continuadoras románicas), as antiquísimas motivacións de tipo totémico e/ou tabuístico costumaron ceder espazo a outras de natureza individualizadora, é dicir, "a una motivación, digamos, descriptiva e incluso a veces probablemente despectiva" (Ballester 2012: 262-263). Así sendo, o caso en análise debe ser observado ao abrigo da inmensa e antiga produtividade coñecida polos zoónimos en canto xeradores de alcumes, prendéndose moitos deles con nomes de aves como *galo*, *galiña*, *merlo*, *corvo*, *garza*... e aínda moitos outros<sup>9</sup> aos cales podemos acrecentar, desde xa, o de *mazarico*. Como continúa a acontecer en época moderna, é a través de procesos de extensión semántica (quer metafóricos quer metonímicos) que determinadas características deses animais veñen a ficar asociadas á persoa, acabando por identificala e, en última instancia, por motivar, a través dun proceso de *referencia indirecta* (Viejo Fernández 1998: 179), a atribución dun sobrenome, non raramente, como sinalado arriba, desde unha intención eminentemente burlesca. Para o exemplo do mazarico, comentábase en §1.1 que un dos trazos físicos máis rechamantes é a forma e a lonxitude do bico, por acaso tema central dalgunhas coplas de poesía popular que teñen esta ave como protagonista<sup>10</sup>. Canto a isto, podemos aínda invocar a célebre descrición da "serrana" que o Arcipreste de Hita realiza no *Libro de Buen Amor*, nun paso que patentea a rendibilidade literaria dese pormenor anatómico do mazarico como recurso para dar destaque ao tamaño e / ou á forma do nariz humano:

[...] las orejas mayores que de añal burrico,  
el su pescueço negro, ancho, velloso, chico,  
las narizes muy gordas, luengas, de *çarapico*,  
bevería en pocos días caudal de buhón rico.

Así sendo, e asumindo as dificultades decorrentes dos complexos procesos semasiolóxicos envolvidos na configuración deste tipo de sobrenomes (dificultades que, por tanto, tornan provisoria calquera hipótese colocada ao respecto), non admiraría que tivese sido esta a razón de unha persoa determinada desa familia (por acaso o Diego Maracico da *Diuisio ecclesie de Olueira*?) comezar a ser coñecida a través do sobrenome en análise.

2.7. Infelizmente, a escaseza dos datos ao noso dispor non dá para tirarmos conclusións de maior peso no tocante á transmisión interxeracional do sobrenome e a súa eventual estabilización como nome de familia. Aínda que autores como Fexer (1978: 6-7 [citado por Viejo Fernández 1998: 201]) consideren que unha transmisión de dúas ou máis xeracións (condición, a xulgar pola documentación estudada, que se cumpriría no noso caso) abonda para o sobrenome completar a súa deslexicalización e, por tanto, virar apelido familiar, o proceso non costuma desenvolverse en termos tan lineares. Por palabras de Viejo Fernández (1998: 201), mesmo nese caso pode conservar o sobrenome "un cierto valor connotativo actualizable en la figura concreta de su primer portador en cada referencia al grupo familiar implicado, que lo recibe por su inmediata contigüidad". Esta diagnose podería ser aplicada aos casos que nos ocupan, é dicir, nada impide pensar que Fernando Diéguez e Munio Diéguez foron identificados co sobrenome *Maracico* simplemente por ser aquel que portaba o seu proxenitor (do cal por acaso descoñecemos calquera rastro de filiación, ao non aparecer nos documentos o seu patronímico)<sup>11</sup>. Como síntoma desa inestabilidade talvez poida ser aducida a propia asistematicidade observábel nos sintagmas antroponímicos a través dos cales estes personaxes son denotados na documenta-

<sup>9</sup> Para máis exemplos, véxase Kremer (1971) e Boullón Agrelo (1999: 78-79).

<sup>10</sup> Estamos a pensar nas diferentes variantes, existentes tanto en Galicia como en Portugal, daquel cantar cuxos primeiros versos costumaban ser: "Pico, pico, maçarico / quem te deu tamanho bico...". Ora importa lembrar que, nalgúns casos, estas mostras de literatura oral son referidas ao peto ou picapau, denominación de diversas aves da familia *Picidae* (véxase §1).

<sup>11</sup> Obviamente, isto exixiría aceptarmos a premisa previa de ter sido Diego Maracico a primeira persoa a asumir o tal sobrenome e, por tanto, tamén o primeiro elo da súa transmisión familiar, circunstancia que, cos textos na man, tampouco ultrapasa o patamar da elucubración.

ción: mentres Fernando Diéguez aparece en todos os casos identificado por medio do sobre-  
nome, o seu irmán Munio só o porta en unha das catro referencias documentais que para el  
coñecemos (o patronímico *Didaci*, entretanto, é constante e sistemático en todos os testemuños  
colixidos para ambos os personaxes). Posíbel indicio desta escasa consolidación do sobrenome  
en canto marca familiar é a súa ausencia na única referencia documental certa que coñecemos  
para Fernando Muñiz, fillo de Munio Diéguez e de Mor Pérez (véxase §2.4) e, en última análise e  
confrontando os datos medievais cos actuais, a propia ausencia tamén de *Mazarico* como apeli-  
do persoal nos repertorios antroponímicos galegos modernos<sup>12</sup>.

### 3. MARACICO / MAZARICO E A SUA REPERCUSIÓN NA TOPONIMIA GALEGA

3.1. É no propio Tombo de Toxos que identificamos varias mencións, concentradas nun tramo  
cronolóxico bastante ben delimitado, a unha freguesía posta baixo a advocación de Santa Uxía  
e que terá tirado o nome do lexema que estamos a analizar:

1. *in filigresia Sancte Eugenie de Maraciquos que fuit Petri Romei [...] et per quantum habeo  
in filigresia Sancte Eugenie de Maracicos* (1271)
2. *Martim Franco, clerigo de Sancta Ougea de Maracicos* (RTT 1271)
3. *hūu quasal na ffreegygia de Sant' Ougea de Maraçicos* (PCTT s.d.)<sup>13</sup>

A estes testemuños máis temperáns cómpre acrecentarmos aínda outro bastante posterior  
(nomeadamente de 1384) e cuxo interese nos obrigará a retomar máis adiante. Referímonos a  
unha bula mediante a cal o papa Clemente VII vén a confirmar a venda realizada por Paio Mariño  
e a súa dona, Sancha Vázquez (pertencentes ao clan nobiliárquico dos Mariños de Lobeira, mais  
na altura reclusos nos mosteiros composteláns de Santa María de Bonaval e Santa María de  
Belvís, respectivamente) ao arcebispo de Santiago de certas fortalezas, casas e coutos que tiñan  
pertencido ao seu fillo Rui Soga (executado en Noia só uns anos atrás), reservándose entretanto  
o usufruto de diversos lugares concentrados na vertente occidental da actual provincia da Coru-  
ña. É entre eses lugares que se encontra, precisamente, *Santa Ougea de Mazariquos* (GHCD 1384),  
forma que se repite, con mínimas variantes, nos traslados e copias catrocentistas dese documen-  
to conservadas no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.<sup>14</sup> Encontrámonos,  
por tanto, perante o primeiro rexistro coñecido da variante metatizada *mazarico*, ben anterior  
aos primeiros exemplos colixidos por J. Pedro Machado en textos portugueses, nos cales *mas-  
sarico* e *maçarico* só aparecen (sempre segundo os datos achegados polo filólogo algarvío) en  
documentación seiscentista (DOELP, s.v. *maçarico*). Aínda, en LTCS (1390), o topónimo en análise  
aparece baixo unha forma lixeiramente diferente: *Item tres cassares en Postomarquos, ãna fligesíja  
de Santa Ougea dos Maraciqos*. Ao igual que o rexistro precedente, tamén este ofrece un interese  
nada desprezábel en termos de estudo lingüístico e onomástico, por dous motivos:

1. Parece evidenciar algún grao de estabilidade da forma *maracico* aínda en época tan  
avanzada como son os finais do século XIV, nunha altura en que, entretanto, debía estar  
xa a producirse un progresivo asentamento da variante metatizada, como suxire a forma  
*Mazariquos* rexistrada en GHCD 1384 e mantida nos traslados e copias posteriores dese  
documento.

<sup>12</sup> Importa notar, porén, que o apelido *Maçarico* (ben como a súa variante gráfica, e por acaso moi minoritaria, *Massarico*) é  
coñecido tanto en Portugal canto no Brasil, feito que parece patentear unha rendibilidade antroponímica deste zoónimo  
(quer a través do seu sentido recto que a través dalgunha das súas posteriores extensións semánticas) que non se viu  
limitada ao caso sometido a análise neste traballo.

<sup>13</sup> Malia carecer de data, este documento é unha noticia en que o mosteiro de Toxos Outos recensea as diferentes propiedades  
que *tyna de nos donna Marina Oanes, moller que fuy de Johan Gonçalves de Sat*. Tendo en conta que no propio códice aparece  
recollido o testamento da filla de ambos, Leonor González, e que este foi outorgado no ano 1334, podemos establecer a  
data aproximada de redacción nalgún momento entre os finais do século XIII e o primeiro cuartel do século XIV.

<sup>14</sup> É nesas documentos que lemos *Santa Ougia de Maçariquos* (AHUS Clero 133, Pergamiños-Mitra, 27/1), *Santa Ougia de  
Macaricos* (AHUS Clero 133, Pergamiños-Mitra, 27/2) e aínda *Sancta Ougia de Maçariquos* (AHUS Clero 133, Pergamiños-  
Mitra, 27/3).

2. En contributos anteriores (Martínez Lema 2010: 236 e ss.) temos interpretado o topónimo en análise non como un zootopónimo primario (é dicir, motivado pola presenza directa da ave denominada *mazarico* nese lugar), mais como un zootopónimo secundario cuxa xénese e consolidación terá ficado a deberse á implementación antroponímica dese substantivo e, sendo aínda máis específicos, a un envolvimento directo da familia barbanzona dos Maracicos na fundación e / ou xestión da freguesía (en termos que, infelizmente, non podemos desvendar cos datos de que dispomos). O fenómeno non é invulgar na toponimia galega, e pode arrouparse con exemplos que obedecen a unhas condicións motivacionais semellantes, como os daqueles topónimos baseados en apelidos patronímicos (*Os Péreces* ← *Pérez*, *Os Martices* ← *Martí(n)s* etc.). Neste sentido, a conservación do artigo determinado no sintagma toponímico *Santa Ougea dos Maracicos* vén a reforzar a nosa hipótese, ao ser interpretábel como reminiscencia do antigo sobrenome que, por acaso, continuaría a manter algún grao de vixencia e operatividade na memoria colectiva da comarca. O dato posúe aínda algunha relevancia no tocante aos procesos de fixación e transmisión do sobrenome e a súa eventual transformación nun nome familiar (ver §2.7), pois un dos síntomas máis claros da culminación dese proceso é, precisamente, a xeneralización da forma pluralizada do sobrenome como denominación abranxente do grupo familiar. Así sendo, e desde que a nosa interpretación sexa correcta, é posíbel que este rexistro toponímico nos estea a suxerir algunhas cousas de interese a propósito da consolidación de *Maracico* como apelido de familia, polo menos nunha área xeográfica e nun tramo cronolóxico concretos.

3.2. Xa no tocante á identificación desa *Sancta Eugenia de Maracicos* medieval con algunha entidade poboacional actual que teña continuado a forma toponímica antiga, a análise aprofundada dos pormenores documentais pertinentes para esta cuestión condúcenos, basicamente, a dúas hipóteses que a seguir comentaremos.

3.2.1. A primeira opción que valoramos vese fortemente condicionada polo coñecemento das circunstancias vitais e xeográficas do clan dos Maracicos, sobre as cales nos debuzamos amplamente en §2. Como sinalado naquela alínea, ese grupo familiar debeu estar sediado na península da Barbanza, mostrando unha presenza especialmente intensa na vertente máis occidental do seu territorio (actuais concellos de Ribeira e Porto do Son) e, sobre todo, na freguesía de Santa María de Oliveira e as súas redondezas. Así sendo, unha hipótese certamente razoábel sería procurarmos a identificación hodierna de *Sancta Eugenia de Maracicos* nalgún punto dese contexto espacial tan específico e ben definido. O rexistro retirado de LTCs, en que a dita freguesía aparece claramente situada en *Postomarquos*, parece apuntar na mesma dirección, pois este corónimo<sup>15</sup> (coas debidas resalvas que exporemos máis de vagar en §3.2.3) pode asociarse, en termos de referencialidade xeográfica, coas actuais comarcas da Barbanza e Noia, é dicir, cun ámbito territorial que, consoante aos datos documentais colixidos, resultaba ben próximo e familiar para o clan dos Maracicos. É a partir do cruzamento destes datos que chegamos a considerar asumíbel a hipótese de esa *Sancta Eugenia de Maracicos* ter sido, na verdade, unha das antigas denominacións da freguesía que ficou a ser coñecida como *Santa Uxía de Ribeira*, capital do termo concellío de Ribeira. Os argumentos en que apoiamos esta idea serían dous: por unha banda, encontrámonos perante a única freguesía dese marco territorial de referencia que conta con Santa Uxía como orago; pola outra, Santa Uxía de Ribeira sitúase no epicentro da área en que os Maracicos (e nomeadamente Fernando Diéguez) viñeron a concentrar unha maior cantidade de propiedades. Teñamos en conta que, nos textos coevos conservados, o nome desta freguesía parecía ofrecer algunha inestabilidade, paralela ao seu propio proceso de configuración e á centralidade exercida por diferentes lugares integrados nela. No testemuño documental máis antigo que coñecemos (con data de

<sup>15</sup> Lembremos que *Posmarcos* é aínda hoxe a denominación dunha freguesía do concello da Pobra do Caramiñal, ben como de dous arceprestados (*Posmarcos de Arriba* e *Posmarcos de Abaixo*) a faceren parte da arquidiocese de Santiago de Compostela.

1200 e copiado tamén, como os que a seguir comentaremos, no Tombo de Toxos Outos) faise mención a unha vila *que uocatur Dayam in concurrencia Sancte Eugenie de Carraria que est in terra Pistomarchos*<sup>16</sup>, é dicir, ao actual lugar de Deán Grande, cuxa referencialidade no contexto territorial desa freguesía explicaría que, nun diploma pouco posterior (nomeadamente de 1215), Paio Mariño e Mor Fernández aparezan a doar sete casais *in friigresia de Sancta Ougenia de Dayam Mayor*. Nos rexistros restantes, que din respecto a diferentes propiedades no lugar de Deán Pequeno, a mención á freguesía é realizada xa unicamente por medio da explicitación do seu orago: *in territorio Pistomarchis in loco certo Dayam Minore sub aula Sancte Eugenie* (1213) e *sub aula Sancte Eugenie [...] de tota villa de Dayam Minore* (1246). Neste cadro de certa alternancia toponímica, parece que a denominación actual demorou algún tempo a aparecer e a se consolidar nos textos, sendo o rexistro máis temperán que coñecemos *Santa Ougea de Ribeira* (GHCD 1387)<sup>17</sup>.

3.2.2. No entanto, esta proposta bate con algúns empezos de certa entidade, entre os cales a propia oscilación toponímica observábel na denominación dada á actual freguesía de Santa Uxía de Ribeira no treito cronolóxico en foco. Embora non imposible, resulta no mínimo pouco verosímil que, nun intervalo de mal oito décadas (1200-1271), e sen mediación de factores externos coñecidos, esa poboación apareza recollida na documentación baixo tres formas diferentes (*Sancta Eugenia de Carraria / Sancta Ougenia de Dayam Mayor / Sancta Eugenia de Maracicos*). Por outro lado, no propio LTCS (no cal, como vimos, aparece rexistrado o sintagma *Santa Ougea dos Maraciqos*) encontramos referenciada xa a freguesía de Santa Uxía de Ribeira, baixo unha das súas denominacións antigas xa sinaladas: *Item ha en Postomarquos, êna fljgessia de Santa Ougea de Careyra, a terça de Gouyáns êna Villa do Dayam et hũu cassal que ffuy de Vaasquo Loppes*. Do noso punto de vista, non parece lóxico que nunha fonte como esta (consistente no recenseamento de diversas propiedades da igrexa compostelá e, así sendo, dotada dun grao presumiblemente elevado de rigor e precisión na identificación das mesmas) se designe a mesma entidade física por medio de dúas denominacións diferentes. Aínda, as diversas mencións á freguesía de *Sancta Eugenia de Maracicos* remiten, de maneira máis ou menos explícita, para un contexto xeográfico relativamente afastado da península da Barbanza e máis focalizado no territorio das comarcas de Fisterra, Soneira e Xallas, cun especial protagonismo, precisamente, do actual concello de Mazaricos<sup>18</sup>. Isto tórnase especialmente perceptíbel no devandito documento en que Clemente VII confirma o acordo alcanzado por Paio Mariño e Sancha Vázquez co arcebispo de Santiago (na altura, Juan García Manrique) para venda das fortalezas de Vimianzo, Penafiel, Broño e Mirón, entre outras pertenzas. Como indicado arriba, Paio Mariño e mais a súa dona resérvanse o usufruto dunha serie de freguesías que recollemos, na mesma orde en que son recenseadas no diploma, no cadro a seguir:

<sup>16</sup> Importa notar que Carreira, na actualidade, é unha freguesía diferente de Santa Uxía de Ribeira (embora se localice na súa contorna inmediata), posta baixo a advocación de San Paio. O confronto da documentación ofrece datas baixas para esta referencia toponímica: *San Payo de Carreira* (LFeu 1410), *San Payo de Carreira* (LS 1500), *Sam Payo de Carrera* (SEG 1527).

<sup>17</sup> Forma que, como indicado, acabou por se estabilizar nos séculos a seguir, véndose atinxida polos sabidos procesos de castelanización, como en *Santa Eugia de Ribera* (LS 1500) ou *Sancta Ugia de la Ribera* (SEG 1585).


<sup>18</sup> Con efecto, en RTT 1271 a referencia a *Martim Franco, clérigo de Sancta Ougea de Maracicos* vai seguida doutras a personaxes como *Froya Paayz clérigo de Beua*, *Pedro Eanes d' Atam* ou *Domingo Eanes de Sancta Ougea, morador d' Atam*, secuencias en que identificamos os topónimos *Beba* e *Atán*, designacións de senllas entidades de poboación do actual concello de Mazaricos. Da mesma maneira, o documento é asinado por *Afonso Pááz, notario publico ena Pobra d' Intiís*, dato de relevancia nada desprezábel se temos en conta que as terras dese concello, ben como outras hoxe pertencentes aos de Muros, Carnota ou Outes, facían parte da terra medieval de Entíns. Aínda, en PCTT (s.d.) indicase que pertencían a dona María Eáns varias herdades e casais en *Parada* (talvez a actual Parada, no conc. Carnota), *Ssanta Çeçya de Ssoneyra* (hoxe Santa Sía de Roma, conc. Zas), *as Espygas* (actual As Espigas, conc. Mazaricos) ou *Ryba de Sar de Çeltygos* (hoxe Ribadeza, conc. Mazaricos).

Posición	Forma(s) documentada(s)	Forma hodierna
1	<i>santiago de olueyroa</i>	Santiago de Olveiroa (Dumbria)
2	<i>s. saluador de colluns</i>	San Salvador de Colúns (Mazaricos)
3	<i>santiago darquos</i>	Santiago de Arcos (Mazaricos)
4	<i>s. mamede de carnota</i>	San Mamede de Carnota (Carnota)
5	<i>san gíao de beba</i>	San Xián de Beba (Mazaricos)
6	<i>santa ougea de mazariquos</i>	
7	<i>santa marina de maroñas</i>	Santa María das Maroñas (Mazaricos)
8	<i>san cosmado dantes</i>	San Cosme de Antes (Mazaricos)
9	<i>san mamede dar[...]</i>	San Mamede de Alborés (Mazaricos)
10	<i>santomé dos vaos</i>	San Tomé dos Vaos (Mazaricos)
11	<i>san martiño de olueyra</i>	San Martiño de Oliveira (Dumbria)
12	<i>santo antonyo de baynas</i>	Santo Antoiño de Baíñas (Vimianzo)
13	<i>santa vaya donbria</i>	Santa Baia de Dumbria (Dumbria)
14	<i>santa maria dospital de logrosa</i>	Hospital (Santa Baia de Dumbria, Dumbria) <sup>1</sup>
15	<i>santa ougea de esere</i>	Santa Uxía do Ézaro (Dumbria)
16	<i>[...] de ameneeda</i>	Santiago da Ameixenda (Cee)
17	<i>san johan de lousame</i>	San Xoán de Lousame (Lousame)
18	<i>santa maria de rroo</i>	Santa María de Roo (Noia)
19	<i>santa maria de sarantes</i>	Santa María de Serantes (Laxe)

1. Lembremos que o lugar de Hospital (encostado ao do Logoso, xa pertencente á freguesía de San Martiño de Oliveira) ficou a deber a súa denominación ao hospital para peregrinos fundado nese local por Estevo do Logoso no séc. XIII (López Alsina 1998: 135-137) e viría a se tornar na cabeceira dunha freguesía propia que perviviu como tal até o séc. XVI (Pombo Rodríguez 2000: 76), razón que explica a súa inclusión nesta lista de entidades parroquiais.

**Táboa 2.** Freguesías mencionadas na bula de Clemente VII (1384)

Como costuma acontecer neste tipo de textos, a enumeración, lonxe de ser arbitraria, obedece a un criterio de ordenación que tende a formar grupos de proximidade xeográfica e que fica perfectamente patente cando trasladamos os topónimos da tabela anterior a un soporte cartográfico<sup>19</sup>.



**Mapa 2.** Freguesías mencionadas na bula de Clemente VII (1384)

<sup>19</sup> Non deixa de ser significativo que nos traslados e copias posteriores conservados no AHUS se manteñan os mesmos topónimos e na mesma orde, coa mínima excepción do primeiro deses documentos, en que (probabelmente por un descoído do copista) foi omitida a referencia a San Mamede de Alborés.

Comprobamos así que o eixo de referencia para a disposición textual dos topónimos é o río Xallas. Comezando en Santiago de Olveiroa (1), o autor atravesa ese curso fluvial para pasar a enumerar, en sentido inverso ás agullas do reloxo, aquelas freguesías situadas na súa marxe esquerda. Xa a partir de San Martiño de Olveira (11), retómanse as restantes entidades da marxe dereita do río Xallas, vindo precisamente a concluír con aquelas máis próximas da súa desembocadura, é dicir, Santa Uxía do Ézaro (15) e, cun pequeno desvío para norte, Santiago da Ameixenda (16). Non é por acaso (nin contradí a lóxica espacial subxacente a este recenseamento) que aquelas freguesías máis distantes deste eixo sexan as que ocupan os últimos lugares da enumeración, é dicir, San Xoán de Lousame (17) e Santa María de Roo (18), nas estribacións orientais da terra de Posmarcos, e Santa María de Serantes (19), xa na vertente costeira da Terra de Soneira. Así sendo, é neste contexto xeográfico e toponímico tan ben acoutado que podemos entender mellor a presenza do sintagma *Santa Ougea de Mazariqos*, constituíndo o argumento decisivo para asocialo, de maneira xa altamente probábel (cando non segura), coa actual freguesía de San Xoán de Mazaricos, no concello homónimo (ao cal, como tivemos ocasión de comprobar, pertencen a inmensa maioría dos ítems incluídos na enumeración, ficando os restantes —con mínimas excepcións— na súa contorna territorial máis ou menos inmediata). Esta hipótese, que de resto xa tiñamos colocado (embora de maneira moi embrionaria e menos documentada) nalgúns contributos anteriores<sup>20</sup>, non colide necesariamente con aquilo que sabemos acerca do clan dos Maracicos, pois, como sinalado en §2.2, o testamento de Fernando Maracico confirma a presenza de bens fundiarios pertencentes a ese grupo familiar en lugares como Treos e Tines (conc. Vimianzo), moi próximos do actual San Xoán de Mazaricos. Canto a isto, a vinculación motivacional directa entre este topónimo e os descendentes de Diego Maracico pode continuar a ser asumida, no mínimo, como verosímil<sup>21</sup>. Importa notar, aínda, que a aceptación da nosa proposta de identificación toponímica exige dar conta da mudanza que afectou ao santo padroeiro da freguesía, é dicir, da troca de Santa Uxía por San Xoán. O confronto das fontes documentais dá para concluírmos que esa alteración xa se encontraba plenamente estabilizada nos finais do século XV, se acreditarmos na secuencia *San Juan de Maçaricos* (LS 1500) e noutros documentos quíñentistas que ofrecen diferentes variantes formais para ese mesmo sintagma. Por tanto, embora non sexamos capaces de acertar o momento exacto nin as circunstancias específicas en que tal mudanza veu a se concretizar, sabemos que esta só puido producirse nalgún momento do século XV, representando o rexistro de LTCS (1390) o termo *a quo* e o mencionado testemuño de LS (1500) o termo *ad quem*. Apresémonos a indicar que estas trocas nos oragos das freguesías non constitúen, de xeito ningún, un fenómeno excepcional ou único na nosa toponimia. Os exemplos máis ilustrativos son aqueles en que se verifica unha substitución parcial, é dicir, o desprazamento do primitivo padroeiro vese compensado pola súa fixación como denominación toponímica principal da freguesía: e.g., *Santalla de Santiso*, *San Pedro de Santaballa*, *San Salvador de Seoane*... Curiosamente, o Nomenclátor de Galicia recolle un caso homologábel ao que

<sup>20</sup> Véxase, nomeadamente, RTT (2009: 221) e Martínez Lema (2010: 236).

<sup>21</sup> Caso a nosa hipótese sexa certa, non sería a dos Maracicos a única familia sediada en terras da Barbanza a posuír propiedades nas redondezas do actual municipio de Mazaricos e, nomeadamente, da cabeceira deste termo concello. Por exemplo, no testamento que Xoán Eáns "Mariño" (*Johannes Iohannis Marinus*) outorga en 1271, hai mención, como viamos nos breves exertos arriba mostrados, a un casal que Pedro Fernández "Romeu" detiña *in filigresia Sancte Eugenie de Maraciquos*. Ora no propio testamento deste personaxe, asinado en abril de 1231, faise referencia a un casal que este posuía *in Cedee* (= Sendia, na freg. Santa María de Nebra, conc. Porto do Son), ben como a *aliud casale de hereditate quod habeo in Sancta Eugenia*, de certeza a mesma *Sancta Eugenia de Maracicos* que, en última análise, acabou por ficar integrada no patrimonio fundiario do dito Xoán Eáns "Mariño". Aínda, grazas á corrección que este último (armado en testamenteiro de Pedro Fernández "Romeu") realiza das devanditas mandas testamentarias en xullo de 1231, ficamos logo a saber que Pedro Romeu detiña tamén diversos bens *in filigresia Sancte Marie de Assados* (= freg. Santa María de Asados, conc. Rianxo), *Cambonio* (= San Xoán de Camboño, freg. no conc. Lousame), *Argelos* (= Arxellas, na freg. San Xoán de Camboño) e *Callo*, *que villa est in filigresia Sancte Marie de Neuar* (= Calo, na freg. de Santa María de Nebra, conc. Porto do Son). É dicir, a xeografía que o rexistro toponímico despreza perante os nosos ollos corresponde, máis unha vez, á da antiga terra de Posmarcos, atinxindo neste caso un maior protagonismo documental aquelas áreas orientais e da marxe esquerda da ría de Muros e Noia. Canto a isto, importa acrescentar que Pedro Romeu é nomeado no seu propio testamento como *Petrus Fernandi dictus Romeu de Minortis*, apelido detopónimo a identificar coa freguesía de San Martiño de Miñortos (conc. Porto do Son) e que por acaso tiña herdado, no mínimo, do pai, mencionado como *domnus Fernandus Fernandi de Minortis* na posterior corrección.



estamos a analizar, por seren exactamente as mesmas as advocacións envolvidas: referímonos á freguesía de San Xoán de Santa Euxea, no concello de Guntín (Ares Vázquez 1995: 93).

3.2.3. No entanto, resulta difícil harmonizar a proposta que acabamos de defender co excerpto de LTCS, cuxo autor sitúa claramente *Santa Ougea dos Maracios* na terra de Posmarcos (*en Postomarquos*). A cuestión, por tanto, préndese directamente coa delimitación territorial desa entidade xeográfica supralocal, mais, como veremos, non admite unha explicación plenamente satisfactoria. O corónimo, baixo a forma *Pestemarcos* (que pola súa vez parece recuar claramente ao antigo etnónimo prerromano *Praestamarici*)<sup>22</sup>, ocorre xa no *Parrochiale Suevum* (séc. VI) como designación dunha das *parochias* que integraban a diocese de Iria (López Alsina 1988: 157)<sup>23</sup>. Na secuencia da progresiva tendencia das antigas xurisdicións eclesiásticas para confluíren territorial e nominalmente cos distritos administrativos, non debe estrañarnos que a antiga *diocesis* de Posmarcos teña vido a configurarse tamén como unha circunscripción territorial e política (é dicir, como un *commisso*, consoante á terminoloxía da diplomática altomedieval)<sup>24</sup>. É nesta condición de xurisdición civil e / ou comarca natural que emerxe nun documento alegadamente redixido en torno do ano 911, mais do cal tan só se conserva un rexesto realizado no séc. XVII en que lemos: *El rey don Ordoño yzo donación al monasterio de San Martín de la villa que llaman Plazemitos (sic), en tierra de Postomarcos, en donde esta edificada la yglesia de San Martin... como se demarca muy a la letra en este privilegio* (Baliñas Pérez 1998: 283). A identificación defendida por algúns autores, entre os cales o propio Baliñas Pérez, desa estraña (e, de certeza, deturpada polos sucesivos procesos de copia do orixinal) forma toponímica *Plazemitos* coa actual freguesía de Santa Baía de Chacín (conc. Mazaricos) constitúe, ao que parece, unha proba de que, nesa altura histórica, o condado de Posmarcos ofrecía unha extensión sensibelmente maior, englobando na práctica o conxunto das terras situadas a oeste dos xiros urbanos de Iria e Santiago de Compostela. Sexa como for, o seu alcance territorial, logo no virar do milenio, parece ir ficando restrinxido a uns límites moito máis axustados a aqueles que presenta na actualidade. Así, nunha doazón realizada polo rei Ramiro á igrexa compostelá, faise referencia explícita ao *conimissum Pistomarcos ab integro secundum illud obtinuit Lucidus Vimarani, de Ullia in Tamare* (TA 934), é dicir, Posmarcos aparece reducido xa ás terras interfluviais comprendidas entre os cursos baixos dos ríos Tambre (a norte) e Ulla (a sur), coas súas respectivas desembocaduras nas rías de Muros-Noia e da Arousa. Embora nesa mesma fonte existan indicios de ter atinxido unha extensión maior na súa vertente oriental<sup>25</sup>, os límites setentrionais e meridionais parecen ben fixados, e manteranse estábeis durante os séculos a seguir. Non admira, por tanto, que na documentación do Tombo de Toxos Outos (que inclúe textos labrados ao longo dos séculos XII, XIII e XIV) todas as entidades adscritas territorialmente a Posmarcos pertencen, na actualidade, á moderna comarca da Barbanza ou entón aos concellos de Noia e Lousame, sen ultrapasar a fronteira setentrional que, desde antigo, viña constituíndo o río Tambre e, por tanto, sen atinxir en ningún caso as terras do actual concello de Mazaricos (integrado desde había séculos na terra de Entíns). A conxunción de todos os datos que acabamos de expor non fai máis que subliñar a nosa estrañeza perante o excerpto retirado de LTCS e a incongruencia do seu contido coa realidade xeográfica e xurisdiccional vigorante na altura en que o texto foi elaborado. Poderíamos por acaso pensar nunha reminiscencia da antiga extensión xeográfica da *parochia* e *commisso* de Posmarcos, mais isto parece moi improbábel nun período tan avanzado como os finais do séc. XIV e, aínda, nun texto cuxos eventuais efectos en termos económicos, catastrais e

<sup>22</sup> Para unha revisión lingüística comparada acerca deste etnónimo, véxase Bascuas (2006: 27-31).

<sup>23</sup> Acerca do posíbel emprazamento da *ecclesia* nuclear en torno á cal se terá articulado a antiga *parochia* de Posmarcos, véxase Sánchez Pardo (2014: 450).

<sup>24</sup> Por palabras de López Alsina (1999: 288): “La circunscripción de la administración territorial del reino —el *commisso*— es reconocida por la iglesia como circunscripción eclesiástica —*diocesis*, según la terminología altomedieval del *Parrochiale Suevum*—, até o punto de que “[l]a estructuración territorial interna de la diócesis se modifica cada vez que es preciso reflejar los cambios operados en las circunscripciones político-administrativas del territorio”.


<sup>25</sup> Referímonos, nomeadamente, ao diploma no cal o rei Vermudo doa á sé compostelá *uillam de Auna, que est in Pistomarcos, in ripa Tamaris, quam auus meus Ueremudu et uxor sua Geluira ganauerunt de Aria, Adefonso filio* (TA c. 1028). En principio, esa *uillam de Auna* parece corresponder ao actual lugar de Ons, na freguesía homónima (conc. Brión), situada precisamente á beira do río Tambre, na súa marxe esquerda, e nunha área que posteriormente viría a ficar integrada na Terra de Amaia.



/ ou xurisdicionais obrigaban a un especial rigor no tratamento dos datos. Recorrer a un erro do autor do texto constitúe, tamén, unha explicación que dista moito de nos convencer. Entretanto, e mentres ficamos á espera dunha solución máis plausíbel para esta (aparente) contradición, vulgamos que os argumentos e razoamentos desenvolvidos na alínea precedente teñen peso abondo como para continuarmos a manter como hipótese máis probábel a identificación da antiga *Sancta Eugenia de Maracicos* coa actual freguesía de San Xoán de Mazaricos.

3.3. De resto, o impacto do tipo lexical *mazarico* na toponimia do dominio galego-portugués non se esgota nos exemplos arriba analizados, podendo aínda ser observada noutros ítems espallados a norte e a sur do río Miño.

Segundo os datos do proxecto *Toponimia de Galicia*, existe o derivado *Os Mazaricales* (conc. Porto do Son), cuxa estrutura morfolóxica é coherente con aquela que esperaríamos nun zootopónimo primario de tipo colectivo / abundancial (para alén de a castellanización do elemento sufixal indiciar unha formación non excesivamente antiga). Ora, a forma en singular e con conservación do artigo determinado (*O Mazarico*) ocorre nos concellos de Celanova e de Tomiño, existindo aínda neste último un microtopónimo *O Camiño do Mazarico* claramente ligado, en termos etimolóxicos e motivacionais, ao anterior. A eles podemos acrescentar *Mazarico* como nome dunha zona de xunqueiras que, por palabras de Cabeza Quiles (2008: 230), “rodean a vila de Betanzos” e constitúen “[un] bo lugar, tamén, para que viva o grácil e fuxidío mazarico”. Xa a forma *Mazaricos* é rexistrada, ademais de nos exemplos comentados en §3.2, como topónimo menor nos concellos de Brión, Santiago de Compostela e Cerdido, ben como no sintagma *O Xungal dos Mazaricos*, situado, ao que parece, no estuario do río Anllóns e que ficou a ser coñecido grazas á evocación poética que del fixo o bardo Eduardo Pondal (Cabeza Quiles, 2008: 230).



Mapa 3. Distribución da toponimia galega relacionada co mazarico

En principio, a orixe destes topónimos pode remontar a calquera das acepcións coñecidas e consignadas para o lexema en foco, sendo que só o concurso de documentación confiábel

(quer escrita quer oral) poderán vir a esclarecer os aspectos máis salientábeis da historia e a motivación de cada un destes ítems<sup>26</sup>. Parece evidente, entretanto, que casos como os colixidos por Cabeza Quiles, con referencia directa a contextos físicos e tipos de hábitat moi apropiados para a presenza da ave, parecen inclinar a balanza para o lado da interpretación zootopónimica primaria. Para outros exemplos, porén, mostramos algunha preferencia por explicacións a envolveren factores de tipo antroponímico, e até xulgamos verosímil que a xénese daqueles topónimos *Mazaricos* máis próximos da área en que a familia de Diego Maracico tiña o seu asentamento (nomeadamente os dos concellos de Brión e Santiago de Compostela) estea directamente relacionada co sobrenome desa familia. Insistamos, no entanto, en que só o manexo de datos minimamente sólidos (dos cales de momento carecemos) é que nos autorizará a explorar con algunha fiabilidade esta hipótese e ultrapasar o patamar da simple conxectura.

3.4. Os nomes do mazarico noutros dominios territoriais e lingüísticos próximos do noso foron tamén fonte de denominacións toponímicas estruturalmente afíns a varias das arriba analizadas, é dicir, consistentes na simple pluralización do zoónimo e con ausencia de calquera afixación derivativa a acrecer algunha *nuance* de tipo colectivo. Como indicado en §1.1, eses nomes non deixan de ser coñecidos tamén no territorio galego e, por tanto, recibiron algunha atención por parte dos nosos lexicógrafos e dicionaristas.

A variante máis habitual en castelán, *zarapico* (da cal o ásturo-leonés *zarapicu* é evidente cognato) é rexistrada polo padre Sarmiento e, en épocas máis recentes, por Elixio Rivas, quen documenta o seu uso en terras de Fondo de Vila (conc. Xunqueira de Ambía) co significado “Páxaro carpintero”, ben como na área de Sahagún (prov. León) coa acepción “Ave zancuda” (e, así sendo, como probábel equivalente semántico do galego-portugués *mazarico*)<sup>27</sup>. Xa a forma *sarapico*, por acaso variante da anterior, só é recollida por Ríos Panisse e Antón Santamarina, indicando o seu uso na área do concello de Redondela.

Malia non figuraren nos dicionarios portugueses e seren, ao que parece, formas descoñecidas ou moi minoritarias nos usos lexicais hoxe comúns en Portugal, o certo é que os datos toponímicos, como notado por Joan Coromines (DCECH, s.v. *zarapito*), patentean algunha vitalidade da forma *sarapico* en épocas pretéritas, polo menos no cantíño nororiental do actual territorio portugués<sup>28</sup>. Así, a variante pluralizada *Serapicos* (sic)<sup>29</sup> dá nome a dous lugarexos das freguesías de Vale de Frades (conc. Vimioso) e Valongo de Milhais (conc. Murça), respectivamente, ben como a unha freguesía no conc. Valpaços e outra no conc. Bragança. Coidamos que é ao primeiro dos exemplos enumerados que se refiren as mencións a *S[ancta] Maria de Çarapicos* ou *Carapitis* (formas que, xa agora, evidencian a indistinta alternancia *-ito* / *-ico* na terminación) nas fontes do século XIII exploradas por Cortesão no seu *Onomástico Medieval*. Aínda, eses testemuños portugueses autorízannos a arrequentar esta pequena nómina de casos co topónimo *Zarapicos*, situado alén da fronteira hispano-portuguesa e nomeadamente na Tierra de Ledesma (prov. Salamanca). Os rexistros retirados da documentación medieval son bastante elocuentes no tocante á directísima relación deste topónimo cos seus cognatos portugueses:

1. *e ende por Torres menudas, e ende a Penna Corva, e ende a Çarapicos* (FLedesma, c. 1252)
2. *e de la otra parte tierra de la heredad de Martín González, de Çarapicos* (AHN, 1463)

A distribución observábel para este pequeno puñado de nomes de lugar dá para identificarmos unha área toponímica máis ou menos compacta, fóra da cal descoñecemos máis


<sup>26</sup> O mesmo, evidentemente, pode ser dito para os seus cognatos portugueses, entre os cales *Casais Maçaricos* (conc. Lisboa), *A Quinta do Maçarico* (conc. Cinfães) e outros do xénero.

<sup>27</sup> Maior éxito na dicionarística galega veu a coñecer a variante con reduplicación da consoante vibrante, é dicir, *zarrapico* / *zarrapito* e aínda *sarrapico*, talvez explicábeis por causa da influencia do verbo *zarrar* (< *cerrar*) ou do verbo *zarrapicar* ‘borrifar, mollar’.

<sup>28</sup> A extensión desta voz debeu ser maior. Por acaso F. Costa Braga (1971: 335) documenta no concello beirão de Sabugal unha práctica infantil coñecida como *jogo do sarabico*, que terminaba co recitado dos versos a seguir: *Sarabico, bico, bico, bico, cá da mãe de Jesus Cristo? Foi levar o jantar á tapada Carvalhal. Todos meninos encontrou, só a ti é que te deixou. Vai-te a pôr onde t’eu mandar*.

<sup>29</sup> Joan Coromines (DCECH, s.v. *zarapito*) rexistra de maneira errada a forma *Çarapicos* para estes topónimos portugueses.

concrecións toponímicas do lexema en análise. Este feito pode ter algunhas implicacións de interese no estudo da motivación e a historia externa destas formas onomásticas. Será talvez verosímil pensarmos nunha orixe común de todas elas, por acaso ligada a algunha liñaxe que, como os Maracicos da Barbanza galega, chegou a ter como apelido familiar característico o de *Çarapico*<sup>30</sup>? Canto a isto, importa lembrar que as áreas da antiga “estremadura” leonesa (pola cal se estenden hoxe diversas comarcas da provincia de Salamanca, como a propia Tierra de Ledesma) foron colonizadas, a partir do século X, por diferentes grupos étnicos (chamados de *naturas*, *sesmos* ou *linajes* na documentación coeva), entre os cales *portogaleses* e *bregancianos* procedentes, como os propios xentílicos evidencian, do antigo condado de Portugal e o alfoz da cidade de Bragança<sup>31</sup>, respectivamente. Trátase, ao noso xuízo, dunha hipótese atraente mais que só o confronto exhaustivo das fontes documentais pertinentes poderá chegar a confirmar ou desmentir.



**Mapa 4.** Distribución dos topónimos *Serapicos* (negro) e *Zarapicos* (vermello)

#### 4. ALGUNHAS CONCLUSIÓN

Ao longo das alíneas precedentes internámonos por diferentes camiños que comunican, en moitos sentidos, as comarcas da lexicografía, a onomástica e até determinadas áreas da historia e a sociedade medievais, sempre tras o rastro do mazarico e os seus nomes. Desas incursións podemos tirar, no mínimo, algunhas conclusións que xulgamos de interese, e que a seguir resumimos:

<sup>30</sup> Segundo lemos en *Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica* (2003: 148), existiu en Galicia a liñaxe *Sarapico* (sic), que, consoante ao seu apelido, “se blasona con un ave sarapico, picada y membrada de gules”. No entanto, descoñecemos calquera pervivencia dese apelido na poboación galega actual, se acreditarmos na información recollida na *Cartografía dos Apelidos de Galicia*.

<sup>31</sup> No *Fuero de Salamanca* (1219) aparecen pomenorizadas as diferentes liñaxes envolvidas nesa colonización, sendo estas os *francos*, *portugaleses*, *bregancianos*, *serranos*, *mozaraues*, *castellanos* e *toreses*. Segundo Llorente Maldonado (1947: 24-25), non debe ser posta de parte a hipótese, de resto bastante verosímil, de o colectivo dos *bregancianos* (que nalguna versión do *Fuero* non aparece explicitado, ficando talvez subsumido no grupo dos *portugaleses*) ter incluído no seu seo continxentes de poboación orixinaria da Galicia actual. Daí, por exemplo, a referencia noutras fontes aos *gallizianos*, posibelmente unha denominación alternativa dos *bregancianos*.

1. Os rexistros antroponímicos colixidos na documentación medieval autorízzannos a confirmar a existencia e a estabilidade dunha forma antiga *maracico* (formalmente coherente coa forma zoonímica *maraticum* retirada da *Historia Compostellana*) que, embora non deite moita luz sobre a etimoloxía do termo, ofrece algunha utilidade para unha mellor e máis ponderada valoración das hipóteses propostas polos diferentes autores que sobre el se teñen debuzado, ben como para unha mellor comprensión de denominacións testemuñadas noutros dominios lingüísticos (como os casteláns *marcico* e *moracico*). Comprobamos, máis unha vez, a extraordinaria utilidade que a antroponimia (e, sobre todo, o subsistema formado polos sobrenomes delexicais) pode ter para o estudo do léxico medieval e moderno.
2. Os casos analizados constitúen exemplos moi ilustrativos da implementación antroponímica dun zoónimo que, polo demais, permanecía ausente da bibliografía especializada. Aínda, os datos retirados da documentación medieval permítennos non só acompañar practicamente *in situ* algunhas fases do proceso de estabilización do sobrenome zoonómico como unidade antroponímica de valor denotativo, senón tamén confirmar que, con algunha frecuencia (e en paralelo con outros exemplos homologábeis), a toponimización do ornitónimo *maracico* (> *mazarico*) debe ser atribuída a un previo uso antroponómico do mesmo. Tal é o caso do medieval *Santa Eugenia de / dos Maracicos* (que tencionamos identificar co actual San Xoán de Mazaricos, cabeceira do termo concellío homónimo), para o cal xulgamos moi posíbel a existencia dunha ligazón histórica e motivacional entre o territorio así designado e a familia sediada na Barbanza cuxos membros portaban o sobrenome homónimo e cuxa xenealoxía até fomos quen de reconstruír. Situámonos, por tanto, nun punto de intersección entre dous subsistemas onomásticos que poden confluír con relativa frecuencia, como son o da antroponimia e o da zootoponimia, ofrecéndonos esta confluencia un interesante punto de partida para o estudo e a comprensión doutras denominacións toponímicas baseadas en designacións alternativas da ave en cuestión (como *Serapicos / Zarapicos*).

## 5. APÉNDICES DOCUMENTAIS<sup>32</sup>

### APÉNDICE 1

c. 1160-1165

*División da freguesía de Santa María de Olveira (conc. Ribeira), en que se establecen as porcións correspondentes a diferentes personaxes, entre os cales Diego “Maracico”.*

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fol. 186r. Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 670, nº 753.

[Diuisio] *ecclesie* de Olueira [<sup>2</sup>

Hec est diuisio de *ecclesia* de *Sancta* Maria de Oluaria. In primis, quartam in [<sup>3</sup>tegram de Elduara Pelagij. De Pelagio Monacho, viij<sup>a</sup>. De Johanne Oluario, [<sup>4</sup> viij<sup>a</sup>. De Luzo Afonso, mediam viij<sup>a</sup>. De **Didaco Maraçiquo** mediam viij<sup>a</sup>. De [<sup>5</sup> Fernando Monacho *et* de suo soprino Petro Monacho, media viij<sup>a</sup>. De Gun [<sup>6</sup>trode Luz, media viij<sup>a</sup>. De uxore Gunsalui Martini *et* de suis germanis, [<sup>7</sup> mediam viij<sup>a</sup>. De uxore de Gomecio Martini, mediam viij<sup>a</sup>. De Affonso Pin [<sup>8</sup>zam, m(e) diam viij<sup>a</sup>. De Guterrio Ramiriz *et* de sua gente, media viij<sup>a</sup>.

<sup>32</sup> Para a transcripción dos documentos seguimos basicamente as mesmas pautas implementadas noutros contributos anteriores, nomeadamente RTT (2009: 210-211). O texto pode ser consultado na íntegra no site <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/5660>.

## APÉNDICE 2

1223, marzo, 5

*Testamento de Fernando Diegues, dito “Maracico”.*

AHN, Códices, Tombo de Toxos Outos, L-1002, fols. 184v-185r. **Apuntamentos á marxe:** Na marxe esquerda do fol. 184v, un apuntamento coevo: “[Tes]tamentum Fernandi [Did] aci Maraciquo.” Debaixo do anterior, un apuntamento posterior: “Mandosse ordenar en el monasterio”. No canto superior esquerdo do fol. 185r, un apuntamento coevo: “De Sancta Maria de Ulueýra”. Na marxe dereita, un apuntamento posterior: “Año 1223. Abad Juan Tudin”. Ed.: Pérez Rodríguez 2004: 665-66, nº 745.

*Testamentum Fernandi Didaci <dicto Maraciquo> de una seruicialia in [...]³³ |²*

Hec est ordinacio quam ordino ego **Fernandus Didaci dictus Maracicus** positus in |³ graui infirmitate ut si inde mortuus fuero *et cetera*. In primis mando corpus meum |⁴ sepelire in cimiterio Sancti Iusti de Tribulis Altis *et* mando ibi mecum x equas |⁵ quas habeo in Pesto-marchos *et* x uaccas quas hab(e)o in domo de Didaco Gun|⁶salui de mea senara *et* unum seruiciale(m) bene populatum *et* meum proprium que habeo in |⁷ Spineýrido *et* alium quen de monasterio ibi tenebam *et* alium meum seruiciale(m) quem ha|⁸beo in Oluaria *et* alium in uilla Pedrouzos. Et si ipse meus seruicialis no|⁹luerit esse uester uassallus accipite uos uestram hereditatem *et* quod habet di|¹⁰uidat uobiscum per medium *et* xij armenta que habeo in domo istius homine de mea senara |¹¹ mando cum alijs supradictis monasterio Sancti Iusti. Mando *etiam* ibi meam portionem |¹² de ecclesia Sancte Marie de Oluaria *et* quantum habeo in Uilla Uiride *et* in Reirit *et* in |¹³ Oluaria *et* in Pedrouços *et* meam hereditatem quam habeo in Corzo *et* in Cadar|¹⁴nogia *et* in Birtar *et* aliam quantamcumque ubique habeo uel habere debeo tam de auolen|¹⁵cia quam de ganancia. Mando *etiam* eidem monast(er)io solidos ccc quos de me habet Johannes |¹⁶ Petri de Moneta Noua³⁴ *et cetera*. Item mando hereditatem meam de Ualeyro |¹⁷ soprinis meis Johanni Touio *et* Petro Touio, armigeris, *et* post mortem suam |¹⁸ relinquunt illam liberam *et* quietam *et* sine calumpnia monasterio Sancti Iusti. |¹⁹ Relinquo supra dicto monasterio suam hereditatem de Sonaria liberam *et* quietam |²⁰ *et* sine calumpnia cum alia mea hereditate quam ibi ganaui, *et* iacet ista heredi|²¹tas in filigresia Sancti Michaelis de Trées *et* in Tinis, *et* debet Petrus Candeel *et* |²² Cresconius Muniz *et* uxores eorum tenere istam meam hereditatem tantum in uita sua |²³ sicut in nostris placitis resonat. Constituo ego Fernandus Didaci domini Johannes Tudini |²⁴ monasterij Sancti Iusti abbatem rectorem tocius mee mandicionis *et* de meis |²⁵ rebus compleat omniaque superius scripta sunt pro ut melius sibi uisum fuerit *et* emendet |²⁶ ista meam mandacionem *et* corrigat quicquid uiderit corrigendum. De cetero ma(n)do |²⁷ ut quicquid extra istam meam mandacionem inuentum fuerit tam in rebus quam in h(e)redita|²⁸tibus laicis siue ecclesiasticis sit totum de monasterio, nullus quod retinere pre|²⁹summat. Si quis igitur contra hanc mandacionem uenerit sit maledictus amen *et* ceteram insuper |³⁰ pariat solidos mille. Facta mandacione Era i<sup>a</sup> cc<sup>a</sup> lxi<sup>a</sup> *et* quotum tercio nonas martij. |³¹ Qui presentes fuerunt: Ego Johannes Tudini abbas. Johannes Alfonsi monachus Sancti Iusti confirmat. Johannes Gundi|³²salui monachus confirmat. Jacob Petri confir-mat. Petrus Petri de Corzon monachus confirmat. Petrus Arie |³³ clericus. Petrus Candeel

³³ A rúbrica, embora practicamente ilexíbel, esténdese aínda algunhas liñas pola marxe dereita.

³⁴ A seguir lese “et de”, subpuntuado.

miles. *confirmat*. Michael Froyle miles *confirmat*. Fernandus Sebani m<sup>34</sup>iles et canonicus *confirmat*. Johannes Didaci monachus Sancti Iusti qui erat cum episcopo de <sup>35</sup>Transaltum *confirmavit et notuit*.

## AGRADECEMENTOS

Queremos agradecer a Alexander Pereda o seu apoio na realización dos mapas que acompañan algunhas das epígrafes, a Carlos Balañas as súas observacións relativas a certas cuestións históricas envolvidas nalgúns dos apartados deste traballo, a Ricardo Pichel Gotérrez a revisión pormenorizada dos textos que compoñen os apéndices, e, evidentemente, aos/as revisores/as as valiosas achegas realizadas na secuencia do proceso de avaliación deste contributo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, Martín (1958): *Enciclopedia del idioma. Diccionario histórico y moderno de la lengua española (siglos XII al XX), etimológico, tecnológico, regional e hispanoamericano*. Madrid: Aguilar.
- Ares Vázquez, Nicandro (1995): "Toponimia do concello de Guntín de Pallares", *Lvencia* V/10, 83-98.
- Balañas Pérez, Carlos (1998): *Gallegos del año mil*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Ballester, Xaverio (2012): "Zooantroponimia latina: de Dónde, a Dónde", en Emili Casanova (ed.): *Onomàstica mediterrània. Onomàstica d'origen zoonímica i dels intercanvis entre pobles*. València: Denes, 255-272.
- Bascuas, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Becker, Lidia (2009): *Hispano-romantisches Namenbuch. Untersuchung der Personennamen vorrömischer, griechischer und lateinisch-romanischer Etymologie auf der Iberischen Halbinsel im Mittelalter (6.-12. Jh.)*. Tübingen: Niemeyer.
- Blecua, Alberto (ed.) (1992): *Libro de Buen Amor* (Juan Ruiz. *Arcipreste de Hita*). Madrid: Cátedra.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (dir.) (2006): *Cartografía dos Apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>> [Consultado: 10/10/2016].
- Braga, Franklim Costa (1971): *Quadrazais. Etnografía e linguagem* (dissertação de licenciatura). Lisboa: Universidade de Lisboa.
- Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Caldeira, Maria Arlete Fernandes (1960): *O falar dos pescadores de Sines. Notas etnográficas, linguísticas e folclóricas* (dissertação de licenciatura). Lisboa: Universidade de Lisboa.
- Carrancho, Maria Licínia Sarrico dos Santos (1969): *A linguagem dos pescadores de Lagos* (dissertação de licenciatura). Lisboa: Universidade de Lisboa.
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo (dir.) (2008): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP). <<http://corpus.cirp.es/codolga>> [Consultado: 10/10/2016].
- Cortesão, António Augusto (1900): *Subsídios para um dicionário completo (histórico-etimológico) da língua portuguesa: compreendendo a etymologia, as principais noções e leis fonéticas, muitos elementos de dialectologia e de onomatologia, tanto topônymica como anthropológica, archaísmos, neologismos, etc.* Coimbra: França Amado Editör.
- Cortesão, António Augusto (1912): *Onomástico medieval português*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- DGLA = García Arias, Xosé Lluís (2002-2004): *Diccionario General de la Lengua Asturiana*. Uviéu: Prensa Asturiana.
- DCECH = Corominas, Joan / José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Delgado, Maria Carolina Saramaga (1970): *O falar de Baleizão* (dissertação de licenciatura). Lisboa: Universidade de Lisboa.
- Falque Rey, Emma (ed.): *Historia Compostellana*. Turnholt: Brepols.
- Ferreiro Fernández, Manuel (1994): *Gramática histórica galega (I. Fonética e morfosintaxe)*. A Coruña: Laiovento.



- Fexer, Georg (1978): *Die ältesten okzitanischen und mittellateinischen Personenbeinamen nach südfranzösischen Urkunden des XI., XII. und XIII. Jahrhunderts* (Disertación de doutoramento lida na Julius-Maximilians-Universität zu Würzburg).
- FLedesma = Castro, Américo / Onís, Federico (1916): *Fueros leoneses de Zamora, Salamanca, Ledesma y Alba de Tormes*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- Historia Compostellana* = Falque Rey, Emma (ed.)
- García de Diego, Vicente (1985): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa Calpe.
- GDLP = Moraes Silva, António de (1949-1959): *Grande dicionário da língua portuguesa* (1789). 10ª edição, revisada, corrigida, muito aumentada e actualizada segundo as regras do Acordo Ortográfico Luso-Brasileiro de 10 de agosto de 1945. Lisboa: Confluência.
- GHCD = López Ferreiro, Antonio (1901): *Galicia Histórica. Colección Diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- Kremer, Dieter (1970-1981/82) = "Bemerkungen zu den Mittelalterlichen Hispanischen cognomina", *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 10 (1970: 123-183), 11 (1971: 139-187), 12 (1972/73: 101-188), 13 (1975: 157-221), 14 (1976/77: 191-298), 16 (1981/82: 117-205).
- LFeu = Rodríguez González, Ángel (2014): "Libro de Feudos e documentación medieval AHDS (1309-1470)", *Compostellanum* 37, 373-462.
- López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela / Centro de Estudios Jacobeos / Museo Nacional de las Peregrinaciones.
- López Alsina, Fernando (1998): "Pes fui clauda et ocu-los caeco: el hospital medieval y la hospitalidad de la sede compostelana con los peregrinos jacobeos", en *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos: rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela* (Ferrol, septiembre de 1996). Santiago de Compostela: Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, 123-167.
- López Alsina, Fernando (1999): "Parroquias y diócesis: el obispado de Santiago de Compostela", en José Ángel García de Cortázar (ed.): *Del Cantábrico al Duero. Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII al XIII*. Santander: Universidad de Cantabria, 263-312.
- Llorente Maldonado de Guevara, Antonio (1947): *Estudio sobre el habla de La Ribera (comarca salmantina ribereña del Duero)*. Salamanca: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- LS = Vázquez Bertomeu, Mercedes (2003): *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsídio)*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- LTCs = Méndez Fernández, Luz (1991): *Contribución ó estudio dun libro das Tenzas da Catedral de Santiago. Edición crítica e estudio dos folios 1 a 27*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Monsalvo Antón, José María (1992): "La organización concejil en Salamanca, Ledesma y Alba de Tormes (siglo XII-mediados del siglo XIII)", en José Luis Martín Rodríguez (coord.): *Actas del I Congreso de Historia de Salamanca*. Salamanca: Diputación de Salamanca, 365-395.
- Monteiro, Maria de Lourdes Oliveira (1950): *Porto Santo. Monografía lingüística, etnográfica e folclórica*. Coimbra: Casa do Castelo.
- PCTT = Pichel Gotérrez, Ricardo / Paulo Martínez Lema (2014): "Documentação posterior á confección do Tombo de Toxos Outos (sécs. XIII-XIV). Edición e inventário toponímico", *Scriptum* 3, 95-132.
- Pérez Rodríguez, Francisco (2004): *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Pombo Rodríguez, Antón (2000): "Asistencia hospitalaria ós peregrinos, na terra de Nemancos, durante a Idade Moderna", en Manuel Suárez Suárez (coord.): *Actas do I Simposio de Historia da Costa da Morte; mil cen anos das terras de Nemancos, Soneira e Bergantiños (Baio e Zas, 18, 19 e 20 de xuño de 1999)*. Cee: Asociación Neria, 67-92.
- Renzi, Franceso (2015): "Monks and knights in medieval Galicia. The example of the benedictines of Toxos Outos in the twelfth and thirteenth centuries", *Imago Temporis. Medium Aevum* 9, 225-252. <http://dx.doi.org/10.21001/itma.2015.9.10>.
- RTT = Martínez Lema, Paulo / Ricardo Pichel Gotérrez (2009): "Documentación romance no Tombo de Toxos Outos: edición filolóxica e estudo toponímico", *Moenia* 15, 207-231.
- Ruhstaller, Stefan (2010): "Toponimia y geografía lingüística medieval", en Xulio Sousa Fernández (ed.): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 129-146.



- Sánchez Pardo, José Carlos (2014): "Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del *Parroquial Suevo*", *Hispania Sacra* LXVI / 134, 439-480.
- Santamarina Fernández, Antón (1967): *Vocabulario del Valle de Suarna* (memoria de licenciatura). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina Fernández, Antón (2003): *Diccionario de diccionarios da lingua galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SEG = Portela Silva, María José / José García Oro (2001): "El señorío eclesiástico gallego y la Corona en el siglo XVI", *Estudios Mindonienses* 17, 13-275.
- TA = Lucas Álvarez, Manuel (1998): *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabido da S. A. M. I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos.
- TLPGP = Álvarez Blanco, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/Tesouro/>> [10/10/2016].
- TMILG=Varela Barreiro, Francisco Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg/>> [Consultado: 10/10/2016].
- Valero de Bernabé, Luis / Martín Eugenio / Vicenta María Márquez de la Plata (2003): *Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica*. Madrid: Hidalguía.
- Viejo Fernández, Julio (1998): *La onomástica asturiana bajomedieval. Nombres de persona y procedimientos denominativos en Asturias de los siglos XIII al XV*. Tübingen: Max Niemeyer.